



PALACIOS, Manuela (2023): *Us & Them: Women Writers' Discourses on Foreignness*. Berlín: Frank & Timme, 238 pp.

Os estudos galegos son inmensamente afortunados por contar con investigadoras que, como Manuela Palacios, teñen a capacidade de facer comparacións con outras literaturas tan interesantes e pertinentes, polos paralelismos históricos e os ecos sempre presentes, como a Irlandesa. Por se isto fose pouco, Palacios aínda engade un valor máis: a perspectiva de xénero. Un punto de partida, este último, sempre interesante, pero que no caso galego-irlandés e nos temas que toca Palacios é crucial. Na cultura galega as imaxes da muller e da nación van particularmente ligadas. Para mostra dous exemplos que reaparecen constantemente na vida cultural galega:

- A canción “Muller” de *Fuxan os ventos*, que recentemente se escolleu como feche do filme *Matria* de Álvaro Gago e que toma a letra dun poema homónimo de Marica Campo: *Tras as portas do rostro* (Baía, 1992): “Muller, fartura de loitar/ Qué che hei decire eu, muller?/ Se ti és coma a terra nosa/ E a terra é coma ti é!”.
- Os versos “A muller é / un cristal / atravesado por / unha patria” do poemario *Pornografía* (Positivas, 2012), de Lupe Gómez; mil veces empregados como cita.

Este querer encaixar a muller galega nos parámetros e virtudes adxudicados a unha nación emigrante na que elas representaban a constancia, a Penélope, deu paso moi cedo a sentimentos e reivindicacións de estranxeiría, como ben sinala Palacios ao tomar como punto de partida para a literatura galega “Estranxeira na súa patria” de Rosalía de Castro (*Follas novas*, 1880).

Así Palacios vai revisitando cuestións como a “a visión do outro”, “as identidades híbridas”, “alteridade”, “o desprazamento”, “extranxeiría”,

“a segregación espacial”... Mais que facer unha comparación a perspectiva na que as autoras irlandesas abordan estes temas bota luz sobre as obras galegas e viceversa, pois son moitas as claves culturais comúns como tamén sinala Palacios, Irlanda sempre foi fonte de inspiración para as letras galegas. Asemade, continúan a ser moitas as escritoras, tanto galegas como irlandesas, que escriben desde a posición de “suxeito diaspórico”.

Pero, a todo o apuntado, habería que engadir unha virtude máis: a variedade de xéneros literarios que Manuela Palacios aborda no seu estudo. Este ensaio analiza dous poemarios, *The Massacre of the Birds* (2020) de Mary O'Donnell e *Atlas* (2019) de Alba Cid; unha selección de relatos irlandeses de Anne Devlin, Fiona Barrand Mary O'Donnell, así como de ficción galega de Rosa Aneiros, Ánxela Gracián e Iria Collazo López; dúas novelas, *Not the Same Sky* (2013) de Evelyn Conlon e *A Veiga era un tempo distinto* (2011) de Eva Moreda; por último, dúas pezas dramáticas: *The Sacrificial Wind* (2016) de Lorna Shaughnessy e *Medea en Corinto* (2003) de Luz Pozo Garza. Aínda, a esta extensa escolma Palacios engade dous capítulos finais: o penúltimo sobre a tradución e o que esta ten de negociación entre o “Eu” e os “Outros”; o último as historias de viaxes dos escritores irlandeses e galegos, para traballar a “alteridade”. Coido que poucos estudos abordan tal número de xéneros e dun xeito tan coherente.

En conclusión, un ensaio de lectura imprescindible para abordar temas como a emigración ou os estudos de xénero, pero tamén moitos outros.

Ana Garrido González
Universidade de Varsovia
a.garridogonza@uw.edu.pl